

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN CARLOS VELO PARA A ORGANIZACIÓN DA 26 EDICIÓN DO OURENSE FILM FESTIVAL, OUFF.**

**REUNIDOS**

Por unha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte, Maria del Carmen Leyte Coello, con DNI núm. 36.000.024-X na súa condición de Presidenta da **Fundación Carlos Velo**, (inscrita no Rexistro de Fundacións PR750A), actuando en cumprimento do sinalado no artigo 6 dos seus estatutos, os cales foron publicados no Boletín Oficial da Provincia de Ourense nº171, de data 27 de xullo de 2016

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego.

A Axencia ten como obxectivos básicos, entre outros, a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora de competitividade das empresas turísticas e a valorización dos recursos turísticos, o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial e a promoción da imaxe marca-país de Galicia, desde unha óptica integral e marca-país (artigo 2 dos citados estatutos)

O devandito artigo 9 dos seus estatutos establece entre as funcións e competencias da Axencia Turismo de Galicia, o aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade, tanto no interior de Galicia como no resto de España e no exterior, sen prexuízo das competencias da Administración central do Estado, así como calquera outra actividade orientada a mellorar a posición do sector turístico de Galicia no marco español e internacional.

Así mesmo a instauración de canles efectivas de comunicación con outros organismos locais, provinciais e da Administración central e outras administracións, así como co sector privado.

**Segundo.-** Que a Fundación Carlos Velo e unha entidade sen animo de lucro e con personalidade xurídica propia e plena capacidade para obrar, podendo realizar en consecuencia todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico e cuxos Estatutos sinalan como fins fundacionais os de centrarse na investigación e na difusión da obra do cineasta e no estudo, difusión, formación e promoción das artes da imaxe, no mais amplo espectro, así come na organización de actividades culturais e científicas de carácter xeral e relacionadas cos fins sinalados nos seus estatutos

**Terceiro.-** Que o Ourense Film Festival, OUFF, aspira a ser o festival de Galicia, porque este país precisa dunha cita anual que se axuste ao modelo estandarizado no resto do Estado español e do mercado internacional. Un modelo singularizado, actualmente en desenvolvemento, en absoluto excluínte con outras propostas existentes no ameto galego, pero que ao tempo que potencie a cultura audiovisual, a creatividade e o talento propios, en suma o sector audiovisual, se axuste a uns parámetros lúdicos e de espectáculo comprometidos co propio desenvolvemento da provincia. Esta aspiración ven avalada pola tradición histórica vinculada ao desenvolvemento do propio cine galego, que son os mellores alicerces para asentar a base para converterse no festival de Galicia.

Desde a súa creación en 1996, o Ourense Film Festival (OUFF) é un dos acontecementos máis destacados en Galicia na súa especialidade, coa aspiración histórica de converterse no festival audiovisual da comunidade autónoma. Ao longo da súa traxectoria consolidouse en canto a promover o cinema de autor e ao tempo social, mantendo o seu compromiso de erixirse no punto de encontro anual para os profesionais do sector en Galicia, ao tempo que produce un importante

retorno económico para a cidade. Compre ter en conta o importante vínculo desta provincia co cinema.

O impulso inicial, debeuse nas primeiras edicións ao Concello de Ourense que para a presente edición cedeu a súa marca OUFF e a súa organización á Deputación de Ourense, que ao tempo asinou un convenio coa Fundación Carlos Velo para integrarse na súa organización, ao fío da súa condición de fundación única do seu tipo en Galicia e en España, ademais do seu vínculo directo con México, país de acollida do cineasta e por ter como presidenta de honra á escritora, guionista e directora, Laura Gárdos Velo.

No presente OUFF2021, 26ª edición, contémpanse varias accións concretas que consolidan o compromiso no eido do Turismo e na promoción dos valores de Ourense e Galicia nese eido:

- a) Premio Xacobeo á mellor produción galega de longametraxe presente en toda a programación do OUFF, de xeito transversal. Cunha dotación equiparable ao filme gañador da Calpurnia na sección oficial, de xeito que se convirte no premio mellor dotado de todo o panorama audiovisual galego.
- b) Ciclo de Cine Xacobeo, cunha escolla de 12 a 14 longametraxes filmados polo cine español e internacional desde que en 1953 se rodara El pórtico de la Gloria. Será presentado de xeito bianual, na presente edición e na de 2022, sendo nesta ocasión salientable a recuperación do filme Cotolay (Nieves Conde, 1966), arredor das orixes na catedral de Santiago de Compostela, e rodado por toda Galicia, en particular nos concellos ourensáns de Melón e Ribadavia.
- c) En colaboración coa Federación de Cine Clubs de Galicia, unha escolla do ciclo farase itinerante por varias vilas galegas neste ano 2021.
- d) Roteiro por lugares das rodaxes en Ourense, con particular atención na presente edición aos lugares onde se rodou Cotolay (Melón, Ribadavia), así como Olvido y León (Ribadavia), Cuñados (Ourense, Allaríz, O Ribeiro...), Live is Lifve (San Pedro de Rocas, Ribeira Sacra...) e Malancolía (O Carballiño, O Irixo).

**Cuarto.-** Que a Deputación Provincial de Ourense é a actual titular da marca OUFF – Festival Internacional de cine de Ourense, en virtude de cesión temporal outorgada polo Concello de

Ourense e aceptada por resolución da Deputación Provincial de Ourense núm. 2018/1875 de data 18.10.2018.

De acordo co protocolo de colaboración asinado entre a Deputación de Ourense e a Fundación con data 10 de xullo de 2021, a Deputación outorga unha cesión temporal do uso da marca OUFF - Festival Internacional de cine de Ourense, a favor da Fundación Carlos Velo, coa mesma vixencia do dito protocolo (31 de decembro de 2021), con reserva de titularidade da Deputación Provincial, e sen que a Fundación poida efectuar ningún acto de transmisión a un terceiro da marca cedida

A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar a organización da 26 edición do Ourense Film Festival (OUFF), por tratarse dun evento relevante que contribúe a consolidación da imaxe de Galicia, a través da súa cultura, tanto nacional como internacionalmente.

Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a Fundación Carlos Velo a única entidade organizadora do mesmo.

En consecuencia, as partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira.- Obxecto**

O obxecto deste convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Carlos Velo para a organización da 26 edición do Ourense Film Festival (OUFF), que se celebrará entre o 24 de setembro e o 2 de outubro de 2021.

### **Segunda.- Orzamento e financiamento**

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a **385.500,00€** (IVE incluído) co detalle que se establece no anexo I a este convenio e do cal forma parte.

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades relacionadas no cadro anterior na contía máxima de **100.000 €** con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.781.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2021.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

### **Terceira.- Gastos subvencionables**

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2021**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Así mesmo, o IVE é gasto subvencionable de conformidade co disposto no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sempre que non sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade beneficiaria.

### **Cuarta.- Compromiso das partes**

1. A Fundación, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración a marca do Xacobeo 2021.22, de acordo co manual de identidade visual,

aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Manter, de ser o caso, a propiedade sobre os investimentos subvencionados, e a vinculación destes á actividade económica que motivou a axuda, durante un período mínimo de 5 anos.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- Reintegrar, total ou parcialmente, a axuda percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas no presente convenio.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

#### **Quinta.- Compatibilidade**

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

#### **Sexta.- Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

#### **Sétima.- Subcontratación.**

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A Fundación será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se

respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursoas nalguna das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

#### **Oitava.- Xustificación de fondos e pagamento**

1. A Fundación, segundo se establece nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, estará obrigado a xustificar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha **conta xustificativa** integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:

a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

- Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e o logo do Xacobeo 21.22.

Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2. A comunicación relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

4. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da Fundación remata o **30 de novembro de 2021**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

5. Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado para as actividades subvencionadas, obxecto do presente convenio, contidos na cláusula segunda, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía proporcionalmente á contía xustificada.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Novena .- Pagamentos anticipados**

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario obxecto deste convenio, por importe do 50% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, ao abeiro do disposto no artigo 63.1.Dous do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a Fundación deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sétima.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, de conformidade co disposto no citado artigo 62.

Para a realización dos pagamentos a conta e anticipados deberá prestarse garantía que cobra o 110% do importe das cantidades pagadas a conta e anticipadas, ao abeiro do disposto no artigo 67 do devandito Regulamento. En todo caso quedarán exentos de garantía os pagamentos a conta e anticipados que non superen no seu conxunto os 18.000€, de conformidade co artigo 65.4.i).

### **Décima.- Reintegro da subvención**

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Fundación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o

artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

#### **Décima primeira.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado pola Fundación e por un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **Décima segunda.- Modificación do convenio**

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Axencia Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

#### **Décima terceira.- Causas de resolución**

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
  
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

#### **Décima cuarta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente**

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

#### **Décimo quinta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio**

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

#### **Décimo sexta.- Protección de datos persoais**

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

#### **Décimo sétima.- Vixencia**

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

#### **Décimo oitava.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que

figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia Turismo de Galicia  
O presidente

Pola Fundación Carlos Velo  
A presidenta

Alfonso Rueda Valenzuela

María del Carmen Leyte Coello

#### ANEXO I. ORZAMENTO

<b>ORGANIZACIÓN</b>	38.000 €
<b>PROGRAMACIÓN</b>	34.000 €
<b>PREMIOS</b>	48.500 €
<b>INFRAESTRUCTURAS</b>	24.000 €
<b>GASTOS INVITADOS</b>	44.000 €
<b>PUBLICIDADE E DIFUSIÓN</b>	65.500 €
<b>EDICIÓNS PUBLICACIÓNS</b>	17.000 €
<b>ACTIVIDADES PARALELAS</b>	93.000 €
<b>GASTOS XERAIS</b>	21.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>385.000€</b>